

ACTA Nº 11/2017 DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA – URXENTE DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2017 DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/ 2017/10.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG- CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG- CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG- CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG- CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES. (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSE CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO).

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

INTERVENTORA ACCIDENTAL: D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

Ausentes:

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).

ÍNDICE

- 1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.....páx. 3
- 2.- Expediente 3935/2017. Expediente de Modificación de créditos. Suplemento de crédito
Nº 8 P/2017.....páx. 3

Sendo as **oito horas e trinta e cinco minutos do luns, día 28 de agosto de 2017**, xuntáronse no salón de Plenos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Luís Cuíña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Accidental, *Jorge García Fernández*.

Está presente a Interventora Accidental, *D^a. M^a Carmen Méijome Álvarez*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación do asunto que conforma a Orde do Día co seguinte resultado:

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: I mos empezar este Pleno extraordinario, e antes de pasar a palabra ao Sr. Secretario, agradecer a toda a Corporación a disposición para ter este Pleno extraordinario, e pedir desculpas pola hora pero era para intentar que todo o mundo puidese na súa vida laboral aproveitar o día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.-

Sr. Secretario Accidental: O primeiro punto é a ratificación da urxencia da convocatoria.

D. Tomás Vilariño Fidalgo: No Pleno de xaneiro aprobouse a moción para promover a instalación dunha caldeira no Auditorio de Vilatuxe e tamén acollernos as axudas do INEGA que saían en febreiro. Este ano saíron máis tarde, en marzo. Nós, acabamos presentando o 24 de abril a axuda para o Auditorio e chegounos a comunicación o día 3 de agosto, polos prazos e vendo que habería que xustificalo o 30 de setembro non o poderíamos chegar a facelo. En conversas co INEGA solicitamos unha prórroga, o que nos dixeron é que vai haber prazo ata o 7 de novembro, co cal facendo números vemos que existiría a posibilidade sempre que todo o procedemento administrativo non teña trabas. Unha vez que nos enteramos de isto, para poder gañar tempo, e para que logo a execución da obra non se vexa afectada polos prazos ou o que sexa, unha das solucións que se me acorda é intentar facer un Pleno extraordinario para que logo non nos vexamos pillados no tempo. É un pouco a razón deste Pleno.

Sometida a votación a urxencia da convocatoria, mediante o sistema de man alzada.

Por UNANIMIDADE dos asistentes, sendo catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, dous (2) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro non adscrito, **RATIFICOUSE A URXENCIA DA CONVOCATORIA.**

2.- EXPEDIENTE 3935/2017. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 8-P/2017.-

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Agora procedemos a expoñer o tema,

non?. Supoño que será un pouco o mesmo.

Sr. Secretario Accidental: Antes, hai que ratificar a urxencia deste punto.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Acabamos de votala.

Sr. Secretario Accidental: O que acaban de votar é a ratificación da urxencia da sesión plenaria extraordinaria e urxente. Pero ao entrar no punto do expediente, como non foi a Comisión Informativa, hai que votar a urxencia do punto concreto.

Sometida a votación a urxencia do expediente 3935/2017. Expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito nº 8-P/2017 mediante o sistema de man alzada.

Por UNANIMIDADE dos asistentes, sendo catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, dous (2) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro non adscrito, **RATIFICOUSE A URXENCIA.**

De seguido, deuse conta do presente expediente e da proposta da alcaldía con data 25 de agosto de 2017.

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Vou explicar un par de cousas máis. Dado que a cantidade da subvención do INEGA era a máxima que nos podían dar que era o 80% tamén buscamos todas as posibilidades para acollernos a ela e non ter que renunciar, en números o que custaría a caldeira sería 54. 062,80 €, desta parte o que nos da o INEGA é 41.236, 80€ e despois estaría a parte que ten que facerse cargo o Concello que sería a instalación das tuberías e o equipamento da zona do Auditorio e das aulas. Pola potencia que ten a caldeira que son de 120W é preciso ter unha dirección do proxecto e que despois sexa revisado, tamén vai un custo de redacción e dirección de proxecto. En total a achega que ten que facer o Concello é de 39. 932, 18€.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entendendo que esta convocatoria de Pleno ten que ser urxente polas razóns que vostede dixo. Non é menos certo que isto adoce unha vez máis a improvisación do Goberno deste Concello, vou explicar o porque. Hoxe temos que vir a unha sesión extraordinaria porque no seu momento cando fixeron o orzamento a pesar de haber un acordo plenario que vostedes votaron en contra, pero que o acordo foi aprobado por maioría absoluta, non dotaron da partida necesaria que tiñan que haber adoptado do 100% do que custa isto. Porque nós habíamos acordado que independentemente de que subvencionara a Xunta ou non que se fixera igual o tema da caldeira de Vilatuxe. Vostedes fixeron caso omiso, non os incluíron nos orzamentos; porque se houberan incluído agora non tiña que vir aquí, porque gastarían en vez de o 100% o 20% e ese 80% que da a Xunta executaríano o antes posible, co cal aforaríanlle as arcas municipais un Pleno e ao mesmo tempo terían máis tempo para traballar. A min chámame a atención, independentemente que nós vaiamos a votar a favor porque nós o que queremos é que se faga pero eu non entendo se isto llelo comunicaron o 9 de marzo, creo recordar. Perdón o 9 de agosto.

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Telemáticamente o 3.

D. Xosé Crespo Iglesias: O día 3, se o día 4 non sabían que tiñan que convocar Pleno para iso? Vostedes ponse en contacto con nós o venres. Dicimos obviamente que si. Non se vai a perder a subvención. Independentemente de que o INEGA responda tarde, pero é que vostedes teñen un morro que se o pisan. Primeiro chámalle subvención trampa, danlle o 80% como lle dan a moitos concellos e déronlle a mesma resolución a todos os concellos que a pediron, non llelo

comunicaron a Lalín o día 9 de agosto, senón a todos os Concellos. Polo tanto que vostedes sexan tan desagradecidos de dicir na prensa que é unha subvención trampa cando lle dan o 80%, o que merecían era que obrigaran a facelo en tempo e forma porque é unha subvención. Como o goberno é do PP, para quitarlle mérito chámalle subvención trampa. Outra cousa, é que lle houberan dado aos concellos do PP nunha resolución anterior unha serie de subvencións e logo que a vostedes se a deran máis tarde, poderíase atisbar unha mala fe. Pero neste caso é unha resolución única da Xunta de Galicia a Consellería de Industria a través do INEGA fan unha resolución e informa a todos os concellos o mesmo día. E vostede en vez de dar unha nota de agradecemento, o que fan é chamarlle a esa subvención do 80%, subvención trampa. Non veña aquí Tomás en plan santiño dicindo que o agradecedes e logo na prensa dicides subvención trampa. As cousas non son así, o problema de vostedes é que quérenos facer parvos. Pola parte nosa, nós imos a votar a favor para que non se perda a subvención pero quero que quede claro que isto é unha vez máis unha improvisación do Goberno cuatripartito, porque se vostedes houberan dotado iso, xa non digo o 100% , pero por lo menos o 20% no orzamento, se logo non lle daban a subvención suplementábase e si daban a subvención xa a tiñan no orzamento e xa o tiñan preparado e sen problema ningún. Que pasa contaban que non lle ían dar a subvención?. Eu dígolles que si lle ían a dar a subvención, eu acerqueime ao Presidente da banda de Vilatuxe ese día non podía ir a Santiago.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa nos avisou a banda de Vilatuxe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se lles avisou, mellor. Eu falei co Presidente da banda de Vilatuxe e mandou a un membro da directiva de representante da banda que é Marcos do Corpiño e veu comigo a falar co Delegado Provincial cando se estaban solventando estas subvencións, por medo a que puidera quedar fóra. Eu quero agradecerlle ao Sr. Tourís que recibunos e fixo unha xestión e quero agradecer á Xunta de Galicia o 30% para Vilatuxe. Remato dicíndolles que vostedes improvisan e despois teñen que convocar estes Plenos. Algúns membros do meu equipo teñen problemas para facelos, eu fóra dos ordinarios o que lle recomendo é que os Plenos en vez de facelos tan cedo porque hai xente que ten que ir a traballar fóra e trastócalles os seus plans, o que lle pido é que se fagan cando termine a xornada laboral. Pido que para o futuro se hai que convocar un Pleno extraordinario urxente se convoque a tarde-noite, incluso se ten que ser un domingo o un sábado, a nós válenos exactamente igual. En todo caso, a improvisación está aí, vostedes non dotaron e agora o ten que facelo. Non é unha subvención trampa como vostedes dixeron, iso é mentira. Dende aquí quer agradecer á Xunta de Galicia esta achega do 80% e tamén pedirlle perdón polos ingratos que son vostedes calificando unha subvención que lle dan un 80% de subvención trampa. Subvención trampa iguais para toda Galicia.

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Respecto do que se comentaba na moción de xaneiro, creo que comentou Raquel que a subvención ía saír en febreiro, o final saíron en marzo. O ano pasado a comunicación foi a finais de xuño e púidose facer para o 30 de setembro. Pero a comunicación a día 3 de agosto, con tódalas empresas que poidan suministrar aos instaladores de caldeiras pechadas en agosto, complicábase a cousa. O feito é que o propio INEGA en conversas con eles di que vai conceder ata o 7 de novembro a raíz de todo isto. Entón, improvisación pola nosa parte, non sei ata que punto.

D. José Antonio Varela Quintela: Que ten que ver iso co Pleno este?

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Comunicárono o 3 de agosto, a data de 7 de novembro non nolo dixeron o 3 de agosto, díxéronmo a semana pasada. A min se o 3 de agosto dinme “ Non, o prazo é ata o 7 de novembro”, eu non perdo o tempo. Intento convocar canto antes, para gañar tempo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tomás, mira, eu vouche dicir unha cousa,

isto é política. Está claro que nós non improvisamos nada, eles din que si, é parte do xogo. Tampouco te compliques moito, non vale a pena.

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Por prazos a cousa vaise ver moi pillada de tempo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se me queren atender!. Que nos comunica que é unha subvención trampa é dende o departamento de contratación non o di ningún político. Vostede coñece a xente de contratación, pregúntelle directamente, igual que lle preguntan outras cousas, pregúntelle directamente se foi o departamento de contratación. Hoxe non hai prensa, así que non me preocupa moito. Tamén dicir que a banda de Vilatuxe quérolle agradecer publicamente que tiveron a ben avisarnos de ese viaxe a Santiago, non sei en calidade de que, pero agradecerlles porque nos dixeron que como nos estábamos tramitando non querían problemas con ninguén e nos avisaban de que ían a Santiago con vostede. Insisto, non sei en calidade de que, pero todo o que sexa positivo para sacar adiante os temas sempre se agradece.

D. Juan José Cruz García: É curioso Rafa que cando hai problemas sempre son os funcionarios, despois somos outros os que nos metemos cos funcionarios.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pódelo confirmar, se queres.

D. Juan José Cruz García: Da igual. Agradecería que non me interrompas, ao non apuntar cústame moito seguir o hilo condutor do que quería dicir. Creo que no debate se posicionou as bandas, eu nese punto estou contento, unha vez o movemento que fixen, supoño que hai erros, aproveito a miña actuación para demandar que se fagan todos os acordos plenarios. Unha cousa que me preocupa, vindo para aquí, tiña pensado pedirlle ao PP unha xuntaza para tratar este tema porque vexo que xa apremia o tempo e estamos xa en setembro e hai moitos acordos plenarios, que vexo que as actuacións son de última hora e se non van a dar tempo a facelo, non sei en que medida actuar, haberá que asesorarse ben. A Tomás dicirlle que ánimo que erros cometemos todos, que non pasa nada, tamén o cometín eu naquela moción das bandas que tiveron un pequeno erro ou foi premeditado ese erro porque xa había xente que quería indicar como tiñan que ir as cousas, pero parecía que fora mellor que foran as cousas pouco a pouco. É curioso ver como Rafa te está tratando de técnico, síntoo dicir isto, cando despois dunha conversa de dúas horas moi gratificantes con Tomás, creo que estamos de acordo un 95% das cousas e tiveron a oportunidade que me explicarás este traballo que fixeches de falar moitas cousas que estaban ser falar e anímote a que sigas. Probablemente eres unha das persoas máis capacitadas en iso concordo con Rafael Cuíña e parabéns polo traballo feito, Tomás.

D. Xosé Crespo Iglesias: Tomás, efectivamente as subvencións saíron retrasadas pero iso ocorre con bastante frecuencia, só hai que contar con iso, porque aquí ocorre o mesmo a unha administración pode aparecer un hándicap e ten que retrasarse. O que é certo é que eu non ten estou reprochando iso, o que estou reprochando e que ti nas túas competencias nos orzamentos que aprobasteis en exclusiva o Goberno que non houberas metido unha partida, non digo do 100% pero do 20% iso é o que reprocho. Reprocho que o Goberno improvisa porque non dotou da partida nos presupostos. Dende o 3 de agosto ata o 23 hai tempo, aínda que te o comunicaran tarde, pero aínda que non tiveras a comunicación terías que poñer a máquina en marcha para poder dotalo aínda que non tiveras a comunicación. En todo caso, o que quero que quede claro é: agradecer a Xunta, e pido se é posible que conte en acta, esta subvención do 80%, nós dámonos por satisfeitos que unha moción que presentamos nós ao final teña unha boa acollida e se execute na súa totalidade, non como outras. Tamén quero deixar claro, que paréceme moi ben que algún funcionario ten todo o dereito a dicir que é unha subvención trampa pero quen o dixo aos medios de comunicación foron vostedes, Sr. Alcalde, aí din moi ben Juan José que cando queren é culpa dos técnicos, vostedes sempre ten que botar a culpa a alguén. Eu non estou negando que ao

mellor os de contratación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A ti pasouche cincocentas veces.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero eu non o dicía aos medios de comunicación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Porque erades do mesmo partido.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mira a diferenza, eu aclárolle. Eu non o dicía según vostede porque eramos do mesmo partido, pero a subvención trampa máis grandes que viñan era do bipartito, e eu pola conta que tiña calaba non era que non me pedía o corpo dicilo. Sabe unha cousa eu son o INEGA que acabo de dárle a subvención do 80% e ao día seguinte vexo iso na prensa, unha negligencia diplomática que chaman subvención trampa, e sabe cal é a miña animosidade? Que cando volva outra subvención o Concello de Lalín pois darlle un tratamento axeitado. A Xunta de Galicia por problemas de prazos, sempre nos puteou aos concellos, eles fan o seu traballo no tempo e forma que lle da a gana e logo a nós non é a primeira vez que nos ten dado unha subvención un luns e ter que xustificala o venres, non é a primeira vez.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Créote.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero sabe unha cousa? Eu non cargaba contra esa Consellería, eu fan falar co conselleiro ou Director Xeral e dicíalle.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non cargamos, dixemos que tiñamos dificultades para facer fronte a subvención.

D. Xosé Crespo Iglesias: Todos os Concellos supoño.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A min interésame o Concello de Lalín. Subvención trampa no era un ataque á Xunta de Galicia, non estabamos atacando, podes ir por aí, porque te interesa politicamente, pero non era a intención. Trampa polos prazos, nada máis.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pola miña parte nada máis. Agradecer á Xunta de Galicia e que se recolla en acta.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está recollido en acta tres veces, polo que estou vendo. Tres veces está recollido o agradecemento.

D. Xosé Crespo Iglesias: Tres veces non, recollerá un.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Apuntar está apuntando tres. Pero a min apúntame tamén se eres tan amable. Que tamén o agradezo a Xunta de Galicia. Agradezo unha vez máis e pedindo perdón polas cuestións laborais.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada.

Por UNANIMIDADE dos asistentes, sendo catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, dous (2) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E ADOPTOUSE O SEGUINTE ACORDO:**

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 8-P/2017, a financiar mediante baixas de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a seguinte finalidade:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria coa achega municipal necesaria para a dotación dun sistema de calefacción por Biomasa no Auditorio municipal de Vilatuxe. Para a realización deste investimento concedeuse a este concello, mediante Resolución do 1 de agosto de 2017 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, unha subvención en réxime de concorrencia competitiva para a realización de proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 e incluídas na convocatoria efectuada mediante Resolución do 14 de marzo de 2017; en virtude da citada resolución, o Concello é beneficiario dunha subvención do Instituto Enerxético de Galicia por importe de 41.236,80 € para a dotación dun sistema de calefacción por biomasa no Auditorio municipal de Vilatuxe.

Á vista da documentación que se achega, **O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado mediante baixas de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
€333.623.40	Equipamentos culturais e museos. Sistema de calefacción por Biomasa Auditorio Municipal de Vilatuxe, subv.INEGA	39.932,18
TOTAL ALTAS DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO		39.932,18 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
920.121.00	Administración xeral	10.000,00
	Complemento de destino	
920.121.01	Administración xeral	10.000,00
	Complemento específico	
920.160.00	Administración xeral	19.932,18
	Seguridade Social	

TOTAL BAIXAS

39.932,18 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

No lugar onde comezou, sendo as **nove horas do mesmo día do seu inicio** e non habendo outros asuntos que trataren, polo Sr. Alcalde levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario Accidental e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Accidental.
Jorge García Fernández